



981 77 80 50



ceip.presaras@edu.xunta.gal



UNHA ESCOLA CON SALÓN,  
UNHA ESCOLA CON CORAZÓN



CEIP DE PRÉSARAS



CURSO  
2024-2025

## Benviñas/os!! ESCOLA E FAMILIA

Entendemos a educación como unha tarefa compartida coas familias. Só deste xeito lograremos acadar as metas educativas propostas e unha boa convivencia e entendemento no centro e nos nosos fogares. Para nós non existen problemas, só oportunidades de medrar e aprender. Para manter esta comunicación activa é moi importante os seguintes puntos:

- Instalar e empregar ABALAR MÓBIL xa que é onde enviaremos información, incidencias e onde podedes falar co profesorado, dirección, xustificar as faltas e recibir as notas do alumnado ao remate de cada trimestre.
- Entrar nos enlaces á paxina web que enviamos por Abalar, onde desglosaremos información importante e poderedes seguir os proxectos do centro.
- A colaboración e participación nas iniciativas e actividades do centro, da ANPA e outras entidades (concello, asociacións...)
- O consello escolar mediante os seus representantes, onde podedes elevar as vosas propostas, queixas ou ideas.



## PÁXINA WEB DO CENTRO





# HORARIO DO CENTRO

## Horario lectivo

SETEMBRO E XUÑO:

9:15 A 14:15

OUTUBRO A MAIO:

9:30 A 16:30

## Comedor

14:00 A 15:30

## Saída transporte escolar

16:30

## Actividades extraescolares (martes e xoves)

15:00 A 16:30

## Comedor Escolar

### BREVES ORIENTACIÓN S INCLUIDAS NO PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR

- Inicio o 11 de setembro de 2024 ata o 20 de xuño de 2025.
- A atención ao alumnado usuario durante o período do comedor será levada a cabo polo profesorado colaborador, o encargado e a responsable de comedor.
- Os menús constan de un primeiro, segundo e postre. Serán variados e equilibrados atendendo ás necesidades nutricionais do alumnado.
- Os menús colgaranse na páxina web do centro para coñecemento das familias a comezos de cada mes.
- Ante posibles faltas de comportamento do comedor tomaranse as medidas oportunas seguindo o protocolo de condutas contrarias á convivencia e as Normas de organización e funcionamento do centro (a disposición das familias en secretaría) así como aquelas reflectidas no Protocolo do Comedor Escolar
- O alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria colaborará na recollida das mesas.
- As familias colaboradoras atenderán ao alumnado no período posterior ao comedor escolar.
- É moi importante consolidar hábitos autónomos de alimentación no fogar ao mesmo tempo que os desenvolvemos no centro para o seu afianzamento.

# Horario Tutorías

COMO FALO COA MESTRA OU MESTRE DA MIÑA  
FILLA OU FILLO?

LUNS de 16:30h a 17:30h

Chamando ao 981 77 80 50

## PREFERENTEMENTE COMUNICACIÓN POR ABALAR.


Para reunión presencial debes solicitarla previamente coa vosa titora ou titor por Abalar.

# Horario Dirección

PARA REALIZACIÓN DE CONSULTAS Á DIRECCIÓN  
E A REALIZACIÓN DE TRÁMITES.

- Martes de 11:20h a 13:35h
- Mércores de 10:25h a 12:40h

Chamando ao 981 77 80 50




**Se necesitas unha chamada ou reunión en horario de mañá podes pedir cita previa mediante o correo electrónico do centro por Abalar Móbil.**

**IMPORTANTE:** Se chamades fóra destes horarios estarei impartindo clase co alumnado polo que non estarei dispoñible para atención telefónica na oficina. Neste caso podes enviar un correo electrónico a [ceip.presaras@edu.xunta.gal](mailto:ceip.presaras@edu.xunta.gal) e recibiredes resposta o antes posible.

# Proxectos

MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA

“Mens sana in corpore sano”




## POLOS CREATIVOS

XUNTA DE GALICIA

Novembro 2022

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



**Horto escolar, Proxecto documental,  
Patios dinámicos, Comedor residuos 0.**